

PROPOSTAS DIDÁCTICAS

ARREDOR DO
PATRIMONIO
ORAL DO PICO SACRO
E DE GUNDIÁN




TESOUROS VIVOS NO CAMIÑO DE INVERNO//

JOSEFINA E OS MISTERIOS DO PICO SACRO E GUNDIÁN



Visualizade este vídeo.

Indo a Ribadulla recibímonos na súa eira a marabillosa **Josefina** que compartiu con nós todos eses saberes que lle **contaron** as maiores do que asombrosamente acontece **entre Gundián e o Pico Sacro**.



GALIZA ENCANTADA



Investigade

**Quen e como son os encantos
ou mouras?**

Onde acostuman habitar?

**Como se manifestan e de que
maneira interaccionan cos
humanos?**



Investigade se na vosa zona hai algunha moura que habite nunha fonte, nunha peneda... ou outros lugares encantados.

Podedes preguntarlle á vosa familia e á veciñanza: normalmente as persoas máis vellas son as que acostuman saber máis destas cousas. Tamén podedes documentarvos na biblioteca e consultar algunha web con recompilacións de lendas.



Gravade cun *smartphone* as historias que vos conte a xente, en vídeo ou en audio.

Aquí tedes un **manual** con recomendacións para facelo:

Como se fan entrevistas para recoller historias de vida e patrimonio cultural inmaterial?





Coa información recompilada podedes **facen un mapa interactivo** localizando os encantos na vosa zona, achegando en cada un deles os audios/vídeos ou a información transcrita.

Aquí tedes uns **exemplos** para vos inspirar:

[Mapa de Galicia Encantada.](#)



[Mapa mitos e lendas do CEIP Plurilingüe da Serra de Outes.](#)



Aquí tedes **ferramentas de balde e tutoriais para crear mapas interactivos**:

[10 ferramentas para facer mapas interactivos de balde.](#)




[Tutorial sobre como crear mapas interactivos con Google My Maps \(en español\).](#)



Unha vez que teñades os encantos xeolocalizados, tamén podedes **organizar unha busca do tesouro ou un roteiro dramatizado**.

A NOITE



Conta Josefina que perdemos a capacidade de poder 'ver' de noite e descoñecemos o que nos podemos atopar. Poñámoslle remedio!

Preguntádelle á vosa familia e á veciñanza. Tamén podedes documentarvos na biblioteca e consultar algunha web con recompilacións de literatura oral e seres míticos da Galiza.



Preguntade pola noite, que personaxes vos podedes atopar pola noite e como tratar con eles. **Ilustrádeos** segundo as descricións que vos dean.



Logo podedes **facer unha exposición** física ou en liña, **crear gifts** para compartir polas redes (podes usar as ilustracións da artista [Noemí López](#) para inspirarte ou crear os *gift* a partir delas). 

Como crear gifts animados. 



É agora labor voso transmitirillo á seguinte xeración (e meterlle o medo no corpo á rapazada máis nova ca vós, como é tradición). Para isto, podedes **crear un roteiro nocturno dramatizado** para os/as máis pequenos/as onde recreedes os personaxes e sucedidos que vos tivesen contado.

MISTERIOS



Preguntade por misterios na vosa noza, cousas inexplicables, sucesos...



Rexistrade en audio cos vosos *smartphones* os relatos que vos conten.

Aquí tedes un manual con recomendacións para facelo:

Como se fan entrevistas.





Cos relatos recollidos, podedes **elaborar un programa de radio/podcast** ben con arquivos gravados, ben reinterpretaíndoos vós con efectos de son etc. a modo de lareira virtual, para escoitar na cama con cascos antes de durmir. Tamén podedes aproveitar o que recollestes sobre a noite.


Solucións en liña para crear o voso propio programa de radio.



Podedes inspirarvos no exemplo do programa "Efecto Bandua" de Radio Liverdade.




ONDE HAI AUGA, HAI VIDA



Hai algún río, rego ou regato preto de onde vivides?

Intentade recabar toda a información posible sobre el: que nomes recibe en xeral e algunha parte concreta del en particular, que usos facía a xente del, se está habitado por algún ser mítico, anécdotas ou sucesos arredor do mesmo, cantigas ou ditos que se refiran a el, nomes de plantas ou animais que te poidas atopar etc.



Logo do traballo de investigación, cada quen encargárase de compartir co resto todo o achado da maneira máis orixinal e sorprendente que se lle ocorra a través de **minivídeos a modo de pímulas de curiosidades** a descubrir sobre ese curso de auga para lanzar polas redes sociais.



Podedes deseñar un **paseo en liña polo río** mediante ferramentas como *Google Earth* ou *Google Maps* para lle dar a coñecer ao mundo os resultados da vosa investigación e creacións artísticas.




Tamén podedes enviar estas pímulas do saber cara o nacemento ou desembocadura do voso curso de auga, **lanzándolles o reto** ás persoas habitantes desas localizacións para que fagan o mesmo nos seus lugares e así ata incluso poder completar a vida do río enteiro!

RECURSOS




Para saber aún más

**Sitios webs, publicaciones e
selección bibliográfica**




Galicia encantada: "As virtudes da auga da fonte da capela da Virxe de Gundián":

<https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=0&id=2814>




"A cova do pico", do Concello de Boqueixón:

<https://www.boqueixon.es/downloads/biblioteca/cova.do.pico.pdf>




Galicia encantada: "O pozo de San Xoán da Cova":

<https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=4&id=1723>




Libro "Gundián" da Asociación Raiceiros:

<https://raiceiros.wordpress.com/proxectos/gundian/>




"San Xoán da Cova no río Ulla e as lendas do noroeste peninsular", artigo de Henrique e Xerardo Neira:

<http://dspace.aestrada.com/jspui/bitstream/123456789/810/1/03%20-%20San%20Xoan%20da%20Cova%20no%20rio%20Ulla%20e%20as%20lendas%20do%20noroeste%20peninsular.pdf>



Proxecto "Vedra medra" do CPI Plurilingüe de Vedra:

<https://www.facebook.com/vedramedra>



Escolma seres míticos galegos:

<https://orgullogalego.gal/escolma-seres-mitoloxicos-galegos/>

**Publicación feita por Xandobela | Educación e Cultura
ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021
da Xunta de Galicia**

AUTORAS:

María Jesús (Chus) Caramés Agra e Nerea Couselo Fernández.
Decembro 2020.

MÁIS INFORMACIÓN:

<http://xandobela.info/>
[https://www.proxectotesourosvivos.gal/
info@xandobela.info](https://www.proxectotesourosvivos.gal/info@xandobela.info)





XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia